

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1 DE XULLO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Daniel Mallo Castro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día un de xullo do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez e o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DOS SEGUINTE ASUNTOS A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

O señor alcalde explica que no día de onte foi remitida á Alcaldía municipal a proposta de adxudicación do expediente núm. 2022/C004/000026, relativo ao servizo de «Contratación artística e produción do VI Festival "Temple Jazz 2022"», cuxa celebración está prevista para os vindeiros días 8 e 9 de xullo.

Igualmente foi remitida a proposta de adxudicación dos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 8, e declaración de deserto do lote 7, do expediente núm. 2022/C004/000024 para a «Organización da V Romaría Galico-Romana "Galaicoi"», a realizar o 15 de xullo de 2022.

Á vista dos prazos previstos para a execución de ambas actividades, o señor alcalde manifesta que considera debidamente xustificada a convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO SERVIZO "CONTRATAÇÃO ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO VI FESTIVAL TEMPLE JAZZ 2022 DO CONCELLO DE CAMBRE" A PROL DO LICITADOR "JOSÉ LUIS TORRADO RODRÍGUEZ". EXPEDIENTE NÚM. 2022/C004/000026

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: RS9LDrT1K51PAwNM4zU5), relativa á adxudicación do expediente núm. 2022/C004/000026 de “Contratación artística e produción do VI Festival Temple Jazz 2022 do Concello de Cambre”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000026 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do servizo de “Contratación artística e produción do VI Festival Temple Jazz 2022 do Concello de Cambre”, cun valor estimado de 34.624,19 euros e un orzamento base de licitación para os dous lotes de contrato de 31.476,54 euros sen IVE, 38.086,61 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na acta da Mesa de Contratación designada para o presente expediente, de data 3 de xuño de 2022, respecto da única oferta presentada para cada un dos lotes no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación, a prol de “José Luis Torrado Rodríguez”, por ser a única entidade presentada e admitida para cada un dos lotes na presente licitación, e segundo a puntuación obtida en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Vista a documentación aportada polo adxudicatario.

Visto o informe proposta emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e o interventor municipal de data 30 de xuño de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 3 de xuño de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela ao único licitador presentado, “José Luis Torrado Rodríguez”, para o Lote 1 e Lote 2 do procedemento, por presentar os sobres ou arquivos electrónicos C: “Documentación administrativa, oferta económica e referencias valorables automaticamente”, coas condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 13 e 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando as declaracións responsables e as proposicións conforme os modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP, para ambos lotes.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 3 de xuño de 2022, a seguinte valoración da única proposición presentada e admitida nos **lotes 1 e 2** do presente expediente, correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do PCAP, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas.

Para o **lote 1** Contratación artística e servizo de dirección artística:

Prezo ofertado á baixa respecto ao orzamento máximo de licitación (Ata 30 puntos)	Cartel artístico 2022 (Ata 50 puntos)	Méritos do candidato que exercerá a dirección artística (Ata 20 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
30 puntos	50 puntos	14 puntos	94 puntos

Tendo en conta que segundo o disposto na Cláusula 16.3.2 do PCAP, consideraranse, en principio, como anormalmente baixas, as ofertas que se atopan nos supostos establecidos no artigo 85 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, segundo o cal:

“1. Cuando, concurriendo un solo licitador, sea inferior al presupuesto base de licitación en más de 25 unidades porcentuales.”

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en **9.004,50 euros (sen IVE)**, polo que a oferta presentada por “José Luis Torrado Rodríguez”, non se atopa incursa nesta circunstancia.

Para o **lote 2** Servizo e subministración de produción

Prezo ofertado á baixa respecto ao orzamento máximo de licitación (Ata 48 puntos)	Experiencia do interlocutor proposto como comisario de produción en eventos de características similares (Ata 42 puntos)	Tempo de resposta en caso de avaría ou calquera tipo de incidencia durante o desenvolvemento da produción do evento (Ata 10 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
48 puntos	21 puntos	10 puntos	79 puntos

Tendo en conta que segundo o disposto na Cláusula 16.3.2 do PCAP, consideraranse, en principio, como anormalmente baixas, as ofertas que se atopen nos supostos establecidos no artigo 85 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, segundo o cal:

“1. Cuando, concurriendo un solo licitador, sea inferior al presupuesto base de licitación en más de 25 unidades porcentuales.”

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en **14.602,90 euros (sen IVE)**, polo que a oferta presentada por “José Luis Torrado Rodríguez”, non se atopa incursa nesta circunstancia.

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 3 de xuño de 2022, adjudicar o **Lote nº 1** “Contratación artística e servizo de dirección artística” do expediente 2022/C004/000026 para a “Contratación artística e produción do VI Festival ‘Temple Jazz 2022’ do Concello de Cambre” a prol do único licitador presentado, “José Luis Torrado Rodríguez”, no prezo ofertado de 12.000,00 euros sen IVE (14.520,00 euros IVE incluído), todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 17 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de no prezo ofertado, no cartel artístico proposto (King García, Verónica Ferreiro, Project Five, María Toro) e nos méritos do candidato que exercerá a dirección artística (Amador Garcia Silva).

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 3 de xuño de 2022, adjudicar o **Lote nº 2** “Servizo e subministración de produción” do expediente 2022/C004/000026 para a “Contratación artística e produción do VI Festival ‘Temple Jazz 2022’ do Concello de Cambre” a prol do único licitador presentado, “José Luis Torrado Rodríguez”, no prezo ofertado de 19.400,00 euros sen IVE (23.474,00 euros IVE incluído), todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 17 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de no prezo ofertado, na experiencia do comisario proposto (José Luis Torrado Rodríguez) e no tempo de resposta en caso de avaría ou de calquera incidencia (30 minutos).

Quinto: Formalizar os contratos correspondentes aos dous lotes en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, publicando seguidamente a formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 19.1 do PCAP, con carácter previo ao comezo da execución da prestación, o responsable do contrato comprobará que constan no expediente os contratos formalizados con cada un dos compoñentes do equipo dos que se achegou compromiso de adscrición, de acordo con a cláusula 17.1.11, así como que dispón dos seguros que resulten obrigatorios para a celebración do evento, de conformidade coa cláusula 23, e toda a documentación a que se refiren as prescricións técnicas.

Igualmente, no seu caso, previo inicio da execución da prestación, deberá darse de alta no epígrafe correspondente do IAE que lle faculte para o seu exercizo no ámbito territorial no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido para as tarifas do imposto no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto de Actividades Económicas.

Sexto: De conformidade coa cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designar ao coordinador área de cultura, deportes e xuventude, José Luís Martínez Názara, responsable do contrato, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos ao adxudicatario, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: RS9LDrT1K51PAwNM4zU5), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1, 2, 3, 4, 5, 6 E 8 E DECLARACIÓN DE DESERTO POR FALTA DE LICITADORES DO LOTE 7 DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS PARA A «ORGANIZACIÓN DA V ROMARÍA GALAICO-ROMANA “GALAICO”». EXPEDIENTE NÚM. 2022/C004/000024

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: FCLYCuJIMS6BKhp3BjL9), relativa á adxudicación do expediente núm. 2022/C004/000024 de “Organización da V Romaría Galaico-Romana ‘Galaico’», que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000024 para a adxudicación, por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación (xuízos de valor e apreciación automática) do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana ‘Galaicoi’ ”, dividíndose o obxecto do contrato en oito lotes, cun valor estimado total de 147.545,44 euros e un orzamento base de licitación de 67.066,11 € sen IVE, 81.150,00 euros IVE incluído, que se desagra nos seguintes lotes:

- Lote 1: Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría.
- Lote 2: Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da romaría.
- Lote 3: Subministración de elementos gráficos de difusión (programas e carteis), de sinalización (bandeirolas, lonas, planos e frechas), de merchandising (chapas, adhesivos e bolsas) e conmemorativos (tessera).
- Lote 4: Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, Mercado, Campo da Feira e Teatro).
- Lote 5: Servizo de sonorización e iluminación para a romaría e para as representacións teatrais programadas no Teatro durante a súa celebración.
- Lote 6: Servizo de gravación e edición de video para a transmisión en streaming das representacións teatrais.
- Lote 7: Servizos de recreación histórica.
- Lote 8: Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta nas actas da mesa de contratación de datas 24 e 30 de maio de 2022 respecto das ofertas presentadas nos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 8 do presente procedemento, así como as propostas de adxudicación formuladas para os lotes 2, 3 e 4 con data do 24 de maio de 2022 e para os lotes 1, 5, 6 e 8 con data 30 de maio de 2022 a prol dos distintos licitadores nos respectivos lotes nos que ofertaron.

Vista a certificación expedida pola secretaria accidental, co visto e prace da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 24 de maio de 2022, na que se recolle que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a presentación electrónica de ningunha oferta para o lote 5.

Visto que, outorgado aos licitadores propostos como adxudicatarios nos seus respectivos lotes o prazo de sete días hábiles para que presenten a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, estes achegaron en prazo toda a documentación requirida.

Vista a documentación que obra no expediente, conclúese que as entidades adxudicatarias están debidamente constituídas, os asinantes da proposición teñen poder bastante para formular a oferta e que están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incursas en prohibición para contratar.

Visto que tamén queda acreditado que as entidades adxudicatarias contan coa solvencia económica e financeira, solvencia técnica e cos medios persoais e materiais necesarios para executar as prestacións obxecto dos dos distintos lotes, segundo consta nos informes emitidos polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con respecto aos adxudicatarios dos lotes 2, 3, 4, 5 e 6 todos con data 17 de xuño de 2022, con respecto ao adxudicatario do lote 8 emitido con data 21 de xuño de 2022 e con respecto ao adxudicatario do lote 1 emitido con data 22 de xuño de 2022.

Visto que as entidades adxudicatarias declaran contar cun número inferior a 50 empregados, quedan exentas de acreditar, como mínimo, un 2% de empregados con discapacidade (conforme establece o art. 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social), así como que da obriga de inscrición dun plan de igualdade no rexistro de Plans de Igualdade (conforme ao disposto no Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro).

Vistos os xustificantes de depósito na Tesourería municipal das garantías definitivas correspondentes a cada un dos lotes da presente licitación:

- Lote 1: depositada por Espectáculos AMB Producciones SL por importe de 1.279,13 euros, con número de rexistro 1091 e data 15/06/2022
- Lote 2: depositada por Suministros Generales Manufacturados SL por importe de 68,00 euros, con número de rexistro 1084 e data 3/06/2022
- Lote 3: depositada por Barbeito y López SC por importe de 257,23 euros, con número de rexistro 1087 e data 9/06/2022
- Lote 4: depositada por Iluminación Naveiro SL por importe de 315,00 euros, con número de rexistro 1086 e data 9/06/2022
- Lote 5: depositada por Son-Press SL por importe de 245,10 euros, con número de rexistro 1082 e data 8/06/2022
- Lote 6: depositada por Alfonso Cebeira Rodríguez por importe de 115,00 euros, con número de rexistro 1082 e data 8/06/2022
- Lote 8: depositada por Artestudio Xestión Cultural SL por importe de 132,50 euros, con número de rexistro 1083 e data 9/06/2022

Visto o informe da Tesourería Municipal de data 21/06/2022, acreditativo de que os adxudicatarios dos respectivos lotes non teñen obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre nin á data final de presentación de ofertas (23/05/2022) nin na actual.

Visto o informe proposta emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e o interventor municipal, de data 30 de xuño de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 24 de maio de 2022, declarar válida a licitación admitindo nela as proposicións presentadas polas empresas que a seguir se relacionan para os lotes que igualmente se indican, ao achegar debidamente cuberto o modelo de “Documento Europeo Único de Contratación” (DEUC), así como a declaración responsable e compromiso do Anexo II do PCAP:

- **Lote 1:** Espectáculos AMB Producciones, S.L.
- **Lote 2:** Suministros Generales Manufacturados, S.L.
- **Lote 3:** Barbeito y López, S.C.
- **Lote 4:** Iluminación Naveiro, S.L.
- **Lote 6:** Alfonso Cebeira Rodríguez y Artestudio Xestión Cultural, S.L.
- **Lote 8:** Artestudio Xestión Cultural, S.L.

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 24 de maio de 2022, **declarar deserto o Lote 7** “Servizos de recreación histórica da vida cotiá, cultural, política, relixiosa e militar das sociedades romana e castrexa, consistentes na realización de dramatizacións, demostracións, escenificacións, desfiles e na exposición de diverso material e equipamento civil e militar romano e castrexo” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi”, expediente núm. 2022/C004/000024, ao non terse presentado ningunha proposición para o presente lote, iso de conformidade co establecido no art. 150.3 in fine da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 30 de maio de 2022, admitir a proposición presentada polo licitador “Son-Press, S.L.” para o **Lote 5** da presente licitación, ao achegar debidamente cuberta a declaración responsable e o compromiso do Anexo II do PCAP e emendar correctamente o modelo de “Documento Europeo Único de Contratación” (DEUC).

Cuarto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022 respecto dos **lotes 1, 6 e 8** do presente expediente, e en concordancia cos informes emitidos polo técnico de promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, todos de data 27 de maio de 2022, aprobar as seguintes puntuacións correspondentes aos criterios evaluables mediante xuízos de valor contemplados para cada un dos citados lotes na cláusula 12.1 do PCAP:

- **Para o Lote nº 1:** Outorgar á empresa “**Espectáculos AMB Producciones, S.L.**” unha puntuación total de **26 puntos**, correspondente aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na cláusula 12.1 del PCAP (Calidade técnica da memoria descriptiva da programación das actividades de dinamización do mercado e da decoración e ambientación dos espazos da romaría ofertados).

- **Para o Lote nº 6:** Outorgar aos licitadores presentados a seguinte puntuación, correspondente ao único criterio avaliable mediante xuízo de valor contemplado na cláusula 12.1 (Calidade técnica da memoria descriptiva dos servizos de grabación, edición e transmisión):

Empresa	Calidade técnica
Artestudio Xestión Cultural, S.L.	15,25
Alfonso Cebeira Rodríguez	25,00

- **Para o Lote nº 8:** Outorgar á empresa “**Artestudio Xestión Cultural, S.L.**” unha puntuación total de **16 puntos**, correspondente aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na cláusula 12.1 (Calidade técnica da proposta das representacións teatrais ofertadas e dos restantes recursos que se vinculen á súa realización) 16 puntos.

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 24 e 30 de maio de 2022, aprobar as seguintes puntuacións correspondentes aos criterios de adjudicación de apreciación automática que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares; así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas para cada un dos citados lotes, realizados conforme ao disposto na cláusula 16.4.2 do PCAP e segundo o establecido no artigo 85 do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Lote 1

Licitador	Prezo	Melloras				TOTAL puntuación
		Cabanas	Alpacas	Representacións, espectáculos e pasarúas	Concertos no Castromaior	
Espectáculos AMB Producciones, S.L.	49	4,50	2	13,70	4,80	74 puntos

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 20.686,97 euros (sen IVE), polo que a oferta presentada por “Espectáculos AMB Producciones, S.L.”, non se atopa incursa nesta circunstancia.

Lote 2

Licitador	Puntuación
Suministros Generales Manufacturados, S.L.	100

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 1.177,68 euros (sen IVE), polo que a oferta presentada por “Suministros Generales Manufacturados, S.L.”, non se atopa incursa nesta circunstancia.

Lote 3

Licitador	Prezo	Bolsas	Bandeirolas grandes	Bandeirolas Pequenas	Lonas	Planos	Flechas direccionais	TOTAL
Barbeito y López, S.C.	75	4,5	8,4	3,5	4,1	3	1,5	100

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 4.648,76 euros (sen IVE), polo que a oferta presentada por "Barbeito y López, S.C.", non se atopa incursa nesta circunstancia.

Lote 4

Licitador	Puntuación
Iluminación Naveiro, S.L.	100

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 4.958,67 euros (sen IVE), polo que a oferta presentada por "Iluminación Naveiro, S.L.", non se atopa incursa nesta circunstancia.

Lote 5

Licitador	TOTAL
Son-Press, S.L.	100 puntos

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 3.842,99 euros (sen IVE), polo que a oferta presentada por "Son-Press, S.L.", non se atopa incursa nesta circunstancia.

Lote 6

Licitador	TOTAL puntuación
Alfonso Cebeira Rodríguez	71,74
Artestudio Xestión Cultural, S.L.	75,00

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 1.840,00 euros (sen IVE), polo que as ofertas presentadas non se atopan incursas nesta circunstancia.

Lote 8

Licitador	Prezo	Melloras (nº actores e actrices)	TOTAL puntuación
Artestudio Xestión Cultural, S.L.	49	25	74

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 2.014,47 euros (sen IVE), polo que a oferta presentada por "Artestudio Xestión Cultural, S.L.", non se atopa incursa nesta circunstancia.

Sexto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 24 e 30 de maio de 2022 e de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, aprobar as seguintes puntuacións totais obtidas polas

empresas licitadoras en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares para cada un dos lotes da presente licitación:

Lote 1

Licitador	Criterios de valoración aplicables mediante xuízos de valor (calidade técnica)	Criterios de valoración cuantificables automáticamente		TOTAL
		Prezo ofertado	Melloras	
Espectáculos AMB Producciones SL	26	49	25	100 puntos

Lote 2

Licitador	Criterios de valoración cuantificables automáticamente (prezo ofertado)
Suministros Generales Manufacturados, S.L.	100

Lote 3

Licitador	Criterios de valoración cuantificables automáticamente		TOTAL
	Prezo ofertado	Melloras	
Barbeito y López, S.C.	75	25	100

Lote 4

Licitador	Criterios de valoración cuantificables automáticamente (prezo ofertado)
Iluminación Naveiro, S.L.	100

Lote 5

Licitador	Criterios de valoración cuantificables automáticamente (prezo ofertado)
Son-Press, S.L.	100 puntos

Lote 6

Nº de orde	Licitador	Criterios de valoración aplicables mediante juicios de valor (calidade técnica)	Criterios de valoración cuantificables Automáticamente (prezo ofertado)	TOTAL
1º	Alfonso Cebeira Rodríguez	25,00	71,74	96,74
2º	Artestudio Xestión Cultural, S.L.	15,25	75,00	90,25

Lote 8

Licitador	Criterios de valoración aplicables mediante juicios de valor (calidade técnica)	Criterios de valoración cuantificables automáticamente		TOTAL
		Prezo ofertado	Melloras	
Artestudio Xestión Cultural, S.L.	16	49	25	90 puntos

Sétimo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 1** “Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Espectáculos AMB Producións, S.L.**”, no prezo ofertado de 25.582,63 euros sen IVE (30.954,98 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa; todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adjudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, nas melloras propostas (maior número de cabanas, alpacas, representacións e concertos ofertados), e na calidade técnica da memoria descritiva da programación das actividades de dinamización do mercado e da decoración e ambientación dos espazos da romería.

Oitavo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 24 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 2** “Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da romaría (seis servizos hixiénicos sanitarios para homes, mulleres e persoas con discapacidade)” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Subministracións Xerais Manufacturados, S.L.**”, no prezo ofertado de 1.360,00 euros sen IVE (1.645,60 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Noveno: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 24 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 3** “Subministración de elementos gráficos de difusión (programas e carteis), de sinalización (bandeirolas, lonas, planos e frechas), de merchandising (chapas, adhesivos e bolsas) e conmemorativos (tessera)” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Barbeito e López, S.C.**”, no prezo ofertado de 5.144,69 euros sen IVE (6.225,07 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adjudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, nas melloras propostas (maior número de bolsas, bandeirolas grandes, badeirolas pequenas, lonas impresas, planos e frechas direccionalis).

Décimo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 24 de maio de 2022, adjudicar o **Lote nº 4** “Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, mercado, Campo da Feira e teatro)” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número

2022/C004/000024, a prol da empresa “**Iluminación Naveiro, S.L.**”, no prezo ofertado de 6.300,00 euros sen IVE (7.623,00 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12.4 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Décimo primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, adxudicar o **Lote nº 5** “Servizo de sonorización para a romaría e para as representacións teatrais programadas no teatro” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Son-Press, S.L.**”, no prezo ofertado de 4.902,00 euros sen IVE (5.931,42 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12.5 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Décimo segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, adxudicar o **Lote nº 6** “Servizo de gravación e edición de vídeo para a transmisión en streaming das representacións teatrais” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol do licitador “**Alfonso Cebeira Rodríguez**”, no prezo ofertado de 2.300,00 euros sen IVE (2.783,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtivo a maior puntuación total en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, na calidade técnica da memoria descritiva dos servizos de grabación, edición e transmisión.

Décimo terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 30 de maio de 2022, adxudicar o **Lote nº 8** “Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico” do contrato mixto de servizos e subministracións para a “Organización da V Romaría galaico-romana Galaicoi”, expediente número 2022/C004/000024, a prol da empresa “**Artestudio Xestión Cultural, S.L.**”, no prezo ofertado de 2.650,00 euros sen IVE (3.206,50 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote e obter, polo tanto, a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12.8 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, todo iso de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, no maior número no elenco de actores/actrices e na calidade técnica da proposta das representacións teatrais ofertadas e dos restantes recursos que se civulen á súa realización.

Décimo cuarto: Por atoparnos ante un contrato **susceptible de recurso especial en materia de contratación** (artigo 44 LCSP) a formalización dos respectivos contratos para cada un dos lotes que integran a presente licitación non poderán efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos (artigo 153.3 LCSP).

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a **cinco días** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

- os documentos relativos ao **seguro de responsabilidade civil** a que se refire a cláusula 23
- declaración responsable de **protección de menores** a que se refire o **anexo VI (Lotre 1)**

A formalización do contrato publicarase no Perfil de Contratante (artigo 154 LCSP) nun prazo non superior a 15 días. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 19.2 do PCAP, con carácter previo ao inicio da execución do contrato en cada un dos lotes que o integran, o responsable do contrato comprobará, igualmente, que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais adscritos ao mesmo e, polo tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados a que se refire a cláusula 17.1.L).

A falta de presentación dalgún/vos de os documentos esixidos na cláusula 17.1.L) dará lugar á resolución do contrato e incautación da garantía definitiva.

Así mesmo, o contratista achegará canta documentación e precisións sexan requiridas durante a execución do contrato polo Órgano de contratación ou polo Responsable do contrato.

Igualmente, no seu caso, previo inicio da execución da prestación, deberá darse de alta no epígrafe correspondente do **IAE** que lle faculte para o seu exercizo no ámbito territorial no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido para as tarifas do imposto no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrucción do Imposto de Actividades Económicas.

Décimo quinto: De conformidade coa cláusula 19.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designar responsable do contrato ao técnico en promoción económica, José Luís González Cardalda, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instruccións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo sexto: Notificar os presentes acordos aos adxudicatarios de cada un dos lotes que integran a presente licitación, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondeestado.es>), facéndolle saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 37.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018),

os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: FCLYCuJIMS6BKhp3BjL9), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo